



Ámbito social

Educación a distancia semipresencial

Módulo 1

Unidade didáctica 3

Demografía

1. Secuencia de actividades e contidos

1.1 Demografía

É a ciencia que estuda a poboación ou conxuntos de persoas.

- **Poboación absoluta:** é o número total de habitantes dun lugar ou zona.
- **Densidade de poboación** ou poboación relativa: número de habitantes por quilómetro cadrado, que varía duns países a outros e das zonas rurais ás urbanas.
- **Índice de natalidade:** número de nacementos por cada 1.000 habitantes.
- **Índice de mortalidade:** número de defuncións por cada 1.000 habitantes.
- **Crecemento vexetativo:** o aumento ou diminución dunha poboación veñen dados pola diferenza entre natalidade e mortalidade; o aumento chámase crecemento vexetativo.
- **Esperanza de vida:** é a media de anos de vida dunha xeración nun país ou rexión.

Distribución da poboación

Dos máis de 7.000 millóns de habitantes que poboan o noso planeta, preto do 90 % vive no hemisferio norte. O clima, o relevo, a agricultura, as explotacións mineiras ou as instalacións industriais determinan e explican a concentración de poboación en épocas específicas. A poboación distribúese moi desigualmente:

- Hai lugares moi poboados: Asia, que concentra o 60 % da poboación mundial, onde destacan a China e a India; Europa e a costa Atlántica de América do Norte.
- Outras zonas, pola contra, son verdadeiros baleiros demográficos: zonas frías próximas aos polos; zonas desérticas, como o Sáhara, Arabia, Kalahari...; e rexións cálidas húmidas próximas ao ecuador, como as cuncas do Congo e do Amazonas.



Densidade de poboación no mundo



Distribución da poboación en Europa (Europa ten máis de 700 millóns de habitantes).

Anos	Habitantes (millóns)
8000 a.C.	5
0	250
1650 d.C	500
1850	1.000
1950	2.000
1970	3.600
1985	4.000
2000	6.000

Evolución da poboación mundial

Nos últimos anos triplicouse a poboación.

Poboación rural e urbana

Ata hai pouco tempo, a maioría das persoas vivía en aldeas e vilas, dedicábase principalmente á agricultura, á gandería e á pesca. Modernamente, como consecuencia do gran desenvolvemento industrial e comercial, a poboación tende a agruparse nas cidades.

Nas rexións de clima húmido predominan as vivendas illadas ou agrupadas en pequenas aldeas. Pola contra, nas rexións secas as vivendas forman núcleos máis ou menos grandes, chamados vilas.

Factores determinantes da estrutura da poboación

- **Natalidade.** Expresa o número total de nenos e nenas que nacen nun lugar durante un ano. A natalidade analízase a través da taxa de natalidade e da taxa de fecundidade:
 - **Taxa de natalidade (TN):** relaciona o número de nacementos por cada mil habitantes coa poboación dun territorio.

$$TN = \frac{\text{Nenos e nenas que naceron nun ano} \times 1.000}{\text{Poboación total}}$$

- **Taxa de fecundidade** (TF): relaciona o número de nacementos por cada 1.000 habitantes coa poboación feminina en idade fértil (de 15 a 49 anos).

$$TF = \frac{\text{Nenos e nenas que naceron nun ano} \times 1.000}{\text{Mulleres (15 a 49 anos)}}$$

A taxa de fecundidade coa que a poboación asegura a substitución xeracional é de aproximadamente 2,1 fillos por muller, valor coñecido por *índice de reposición*.

Índice de reposición			
■ África	6,4	■ Asia oriental	2,3
■ Sur de Asia	4,6	■ Europa	2,9
■ América latina	4,1	■ América do Norte	1,8

A taxa de fecundidade varía moito dunhas áreas a outras do planeta.



- **Mortalidade:** indica o número de persoas que morren nun lugar durante un ano. A mortalidade analízase a través da taxa de mortalidade e da taxa de mortalidade infantil:
 - **Taxa de mortalidade:** número de persoas falecidas por cada 1.000 habitantes respecto da poboación total dun lugar.
 - **Taxa de mortalidade infantil:** relaciona o número de nenos e nenas falecidos antes de cumprir o ano, por cada 1.000 habitantes, co total de nados vivos nun territorio.

Niveis de mortalidade		
TM alta: Máis do 25 ‰	TM media: Entre o 15 ‰ e o 24,9 ‰	TM baixa: Menos do 14,9 ‰

$$TM = \frac{\text{Número de falecidos/as menores dun ano} \times 1.000}{\text{Número de nacidos/as vivos no ano}}$$

As taxas de mortalidade descenderon en moitos países por:

- Mellora dos niveis nutricionais da poboación.
- Hixiene persoal.
- Instalación de redes de sumidoiros e de auga potable.
- Campañas de desinfección.

Con todo, segue habendo diferenzas considerables entre os países. Estas diferenzas exprésanse co *índice de esperanza media de vida*, que é o número de anos que se espera que viva un bebé.

O progresivo aumento dos índices de natalidade e mortalidade e a prolongación da esperanza de vida avellentan a poboación. Os países subdesenvolvidos teñen poboación nova; os desenvolvidos, poboación vella.

Un factor de avellentamento da poboación é o descenso da natalidade:

- Se diminúe o número de fillos, descende a proporción de nenos na base da pirámide de idades.
- Se os progresos sanitarios e económicos fan baixar a mortalidade, aumenta a proporción de persoas maiores.

Esperanza media de vida	
■ Rexións desenvolvidas	73,1 anos
■ Rexións subdesenvolvidas	56,6 anos
■ Total mundial	58,9 anos



Lectura

Os adiantos da medicina favorecen o incremento da poboación. Con todo, nos países subdesenvolvidos o crecemento demográfico é moi superior ao crecemento económico, polo que cos mesmos recursos hai que atender unha poboación cada vez máis numerosa.

Nos países subdesenvolvidos ou en vías de desenvolvemento, a poboación ten ritmo alto de crecemento. Este incremento da poboación non crea problemas graves en áreas con espazos sen explotar, como ocorre en Australia, pero noutras rexións este incremento pode xerar serios problemas socioeconómicos, como na India.

Nos países industrializados, como os de Europa occidental ou Xapón, a densidade de poboación é elevada, pero baixo o índice de natalidade, o que supón un ritmo baixo de crecemento.

Actividades propostas

- S1. Defina: demografía, poboación absoluta, poboación relativa, esperanza de vida, índice de mortalidade, índice de natalidade e crecemento vexetativo.
- S2. Densidade de poboación. Observe o mapa de densidade de poboación no mundo. Sinale no mapa mudo da páxina seguinte as grandes zonas de concentración da poboación e os grandes baleiros demográficos.



S3. Cálculo demográfico. Observe e repase o cadro:

- Crecemento natural ou vexetativo = taxa de natalidade - taxa de mortalidade (pode ser positivo ou negativo).
- Taxa de natalidade (TN) = $\frac{\text{Persoas nadas nun ano} \times 1000}{\text{Poboación total}}$
- Taxa de fecundidade (TF) = $\frac{\text{Persoas nadas nun ano} \times 1000}{\text{Mulleres (15-49 anos)}}$
- Taxa de mortalidade (TM) = $\frac{\text{Persoas falecidas nun ano} \times 1000}{\text{Poboación total}}$
- Taxa de mortalidade infantil (TMI) = $\frac{\text{Persoas falecidas menores dun ano} \times 1000}{\text{Total de persoas nadas}}$

Cos datos seguintes, determine as taxas de natalidade e de mortalidade e o crecemento vexetativo de cada rexión nun ano:

Rexións	Poboación en millóns	Persoas nadas	Persoas falecidas	Taxa de natalidade	Taxa de mortalidade	Crecemento vexetativo
■ África	840	31.920.000	11.760.000			
■ Asia	3.766	75.320.000	26.362.000			
■ América Norte	319	4.461.538	2.868.132			
■ Iberoamérica	531	12.213.000	3.186.000			
■ Oceanía	32	576.000	224.000			
■ Europa	728	8.008.000	7.280.000			

Cálculo taxa natalidade	Cálculo taxa mortalidade	Crecemento vexetativo
$\frac{31.920.000}{840.000.000} \times 1000 = 38\text{‰}$	$\frac{11.760.000}{840.000.000} \times 1000 = 14\text{‰}$	$38\text{‰} - 14\text{‰} = 24\text{‰}$

S4. Onde vive o 90% da poboación mundial? Que porcentaxe vive en Asia?

1.1.1 Teorías demográficas e crecemento da poboación

A maioría das teorías demográficas defendían as vantaxes do aumento da poboación. *Malthus* é o primeiro autor que, na súa obra *Ensaio sobre a poboación* (1798), expón a teoría de que a poboación do mundo medra xeometricamente, entanto que os alimentos e os outros recursos o fan aritmeticamente. Propoñía adoptar medidas para evitalo, como retardar a idade de formación de parella. Outros demógrafos seguiron as súas teorías.

Desde o Paleolítico a poboación medrou de xeito fluctuante, debido ás crises de subsistencia e ás epidemias cíclicas. Coa revolución industrial produciuse un cambio de tendencia: as taxas de mortalidade descendieron polas melloras hixiénicas e sanitarias e na alimentación, e as taxas de natalidade tardaron máis en decrecer. Entre 1900 e 1950 continuou o aumento da poboación, que adquire características explosivas a partir de 1950.


A *explosión demográfica* trae consigo problemas alimentarios, educativos e de vivenda, escaseza de recursos e contaminación. Este fenómeno agudízase nos países menos desenvolvidos, onde a pobreza agrava os problemas do crecemento da poboación. Así, podemos establecer dúas zonas:

- **Norte** (Europa occidental, América do norte, Xapón e Australia): un mundo desenvolvido e rico, cunha taxa de crecemento vexetativo media ou baixa, alta esperanza de vida e nivel económico alto. É o Primeiro Mundo.
- **Sur** (Latinoamérica, África, sur de Asia): mundo non desenvolvido, pobre, con altas taxas de natalidade, alto crecemento vexetativo, esperanza de vida moi reducida e calidade de vida moi baixa. É o Terceiro Mundo.

Nos países do Sur, os escasos recursos, o considerable aumento demográfico e as grandes diferenzas sociais provocan a miseria e a fame das xentes máis pobres.

Unha mellor distribución da riqueza, con explotación de zonas baldeiras, e a busca de novos recursos poderían paliar esta situación.

A opulencia dos países máis ricos contrasta coa miseria dos máis pobres. Acurtar esas diferenzas é tarefa de todos.




As pirámides de poboación

A pirámide de poboación, ou pirámide de idades, é a representación gráfica da poboación dun lugar nun momento determinado, en función do sexo e da idade. É a combinación de dous gráficos, un para os homes e outro para as mulleres, e está formado por:

- **Eixe vertical** (ordenada): clasifícanse os grupos de idade de cinco en cinco anos. No derradeiro tramo agrúpanse os maiores de 85 anos.
- **Eixe horizontal** (abscisa): colócanse os valores da poboación (cifras ou porcentaxes), á esquerda os homes e á dereita as mulleres.
- **Grupos de idade** (barras): o total de homes e mulleres de cada grupo de idade represéntase cunha barra horizontal que parte da base da pirámide.
- **Datos ou cifras:** para construír a pirámide pódense utilizar valores absolutos (total de homes e mulleres dunha idade determinada) ou valores relativos (porcentaxe de homes e mulleres dunha idade determinada sobre o total da poboación).
- **Partes da pirámide:** a *base*, que se corresponde con grupos de idade entre 0 e 14 anos; o *tronco*, entre 15 e 64 anos; e o *cumio*, con persoas anciás de máis de 65 anos.


Perfis das pirámides

- **Progresiva** (ou expansiva). Ten forma de pagode, de base ancha e tronco e cumio estreitos. Este perfil triangular representa un rápido crecemento da poboación: altas taxas de natalidade e mortalidade, e baixa esperanza de vida. Correspóndese cos países subdesenvolvidos.
- **Estable ou estacionaria.** En forma de campá, cunha base e un cumio estreitos e o tronco ancho. Correspóndese cunha poboación maioritariamente adulta. A poboación permanece estacionaria, aínda que tende ao avellentamento. É propia dos países en desenvolvemento.
- **Regresiva.** Ten forma de bulbo ou urna, con base moi estreita e cumio amplo, característica da poboación avellentada. Esta pirámide é propia dos países desenvolvidos. Ao ter menor proporción de xente nova prodúcese un avellentamento progresivo.



- Perfil da pirámide.
 - Perfil progresivo: corresponde a poboación nova.
 - Perfil estacionario: poboación adulta e vella.
 - Perfil regresivo: reflicte avellentamento da poboación.
- Lonxitude dos brazos:
 - Brazos curtos nas idades baixas indican control de natalidade.
 - Brazos longos nas idades vellas supoñen alta esperanza de vida.
 - A lonxitude dos brazos da dereita reflicte a proporción de mulleres; os da esquerda expresan a proporción de homes
 - Comparando os correspondentes brazos de cada lado vemos a proporción homes-mulleres en cada tramo de idade.
- Entrantes na pirámide: indican períodos de baixa natalidade. Os entrantes en idades adultas levan a tempos pasados nos que posiblemente as persoas sufrisen guerras, emigración ou crises económicas.

Claves para analizar pirámides



Pirámides de poboación mundial
Evolución da pirámide de poboación en Europa



Lectura

Composición demográfica

Pode facerse un estudo demográfico sobre a composición e estado da poboación nun momento determinado ou segundo a súa evolución histórica. A demografía baséase nos censos, relacións estatísticas de poboación, que se actualizan mediante cuestionarios.

Os censos referidos ás poboacións humanas fundaméntanse no *padrón* ou *censo municipal* e no *registro civil*. O padrón municipal é responsabilidade dos concellos; os datos deben actualizarse constantemente por mor dos cambios de residencia, do estado civil, dos nacementos e das defuncións.

Actividades propostas

S5. Teorías demográficas:

- A que ideas se opuxo Malthus? En que consiste a teoría de Malthus?
- Que propoñía Malthus para corrixir a situación?

S6. Poboación e recursos:

- Que problemas xera a explosión demográfica?
- Como pode dividirse o mundo en función da poboación?


S7. Explosión demográfica:

- Cando comeza a explosión demográfica?
- Como ha evolucionar a poboación mundial nun futuro próximo?
- Como foi o crecemento da poboación mundial nos últimos 50 anos?

S8. Que significa unha pirámide...

- De base moi ancha?
- De base estreita?
- De cumio estreito?
- De cumio ancho?
- De forma case rectangular?

S9. Analice e compare as seguintes pirámides de idades.



- Que é unha pirámide de poboación?
- Como son as bases destas dúas pirámides?
- Os grupos de poboación vella son numerosos ou reducidos?
- Hai diferenzas entre os grupos de idades novas e adultas?
- Hai maior número de homes anciáns ou de mulleres? Por que?
- Hai diferenzas entre a poboación masculina e a feminina?
- Pode apreciar algunha diferenza salientable entre unha e outra?

1.1.2 As migracións

A concentración de habitantes en determinados lugares é debida a desprazamentos de poboación chamados *migracións*.

A explosión demográfica agrávase cos movementos migratorios desde as zonas máis pobres ás zonas urbanas, na procura de mellores condicións de traballo, saúde, vivenda ou educación. Isto crea grandes cidades formadas por pequenos núcleos de benestar e grandes contornos de pobreza.

As persoas que abandonan o seu lugar de orixe son *emigrantes*; no lugar a onde chegan son *inmigrantes*.

Nos países subdesenvolvidos hai problemas sociais e económicos polo seu *baixo nivel de vida*. En moitos deles, grandes estratos de poboación emigran a outras nacións con altos niveis de benestar.

Ademais das migracións internacionais, dáse en moitos Estados o transvasamento de poboación desde as zonas rurais ás áreas industrializadas: *éxodo rural*.

Como consecuencia, prodúcense fortes contrastes demográficos: zonas despoboadas – as rurais– fronte a zonas densamente poboadas –as industriais–.

Moitos demógrafos afirman que se están producindo fenómenos sociais descoñecidos ata agora, como o extraordinario aumento da poboación en certas zonas do planeta ou o vertixinoso crecemento das cidades. Estes feitos orixinan migracións masivas, despoboamento do campo, fames e outros problemas.

Causas das migracións

En función das motivacións que as orixinan, as migracións teñen distintas causas:

- **Económico-laborais.** Por situacións de precariedade económica nos países de orixe.
- **Políticas.** Sufridas por persoas illadas ou por pequenos grupos, deportados polo seu Goberno a outro país, acusados de activistas ou terroristas. Noutras ocasións, son expatriados que piden asilo político porque foxen de persecucións no seu país.
- **Bélicas.** As guerras provocan migracións en masa de persoas que foxen sen rumbo e se instalan en asentamentos moi pobres: os refuxiados.
- **Turísticas.** Desprazamentos estacionais da poboación procedentes de países ricos cara a zonas con atractivos paisaxísticos, culturais ou climáticos.

*Emigrantes europeos con destino aos
Estados Unidos.*

Ilustración do século XIX.

Nesta centuria, máis de 12 millóns de europeos
emigraron a América do Norte.



Migracións e permisos legais

- Os inmigrantes que residen nos países ricos pertencen a categorías diversas: traballadores cualificados ou non cualificados, refuxiados, solicitantes de asilo político, beneficiarios de reagrupamento familiar, estudantes, temporeiros, persoas que entraron legalmente cun visado que xa non é válido...
- Hoxe algúns países puxeron límite á emigración e intentan legalizala. Pero moitos inmigrantes seguen a acudir a eles sen permisos legais de traballo (son os *sen papeis*).
- Os fluxos ilegais de inmigrantes cada vez son maiores e levan á creación de mafias para as que son un negocio moi rendible.

Consecuencias das migracións

- **Consecuencias económicas:**
 - Parte dos aforros dos emigrantes transfírense aos países de orixe, que ven favorecida a súa economía e o seu desenvolvemento.
 - Os países de destino teñen abundante man de obra para a súa economía, polo que aumenta o seu desenvolvemento. A economía reactivase, os inmigrantes pagan impostos e transfórmanse nun novo grupo consumidor que dinamiza a economía.
 - A poboación inmigrante traballa sobre todo na agricultura e no sector de servizos (tarefas domésticas, coidado de dependentes, ao que se dedica a maior parte das mulleres inmigrantes, servizos de restauración, vixilancia urbana...). Perciben salarios baixos e moitas veces carecen de papeis.
 - Contribúen a manter o sistema de pensións, a seguridade social e a educación, xa que pagan os seus impostos.
- **Consecuencias sociais e culturais:**
 - A inmigración cualificada beneficia o país receptor e prexudica o país emisor.
 - Os escasos inmigrantes cualificados son acollidos polos países desenvolvidos para paliar a man de obra cualificada nalgúns sectores, especialmente nos da tecnoloxías da información e na saúde.
 - Nalgúns países avellentados modifican as pautas demográficas, xa que incrementan as taxas de natalidade (caso actual de España e, especialmente, de Galicia).
 - Os emigrantes novos teñen xeralmente máis fillos, o que inflúe no incremento das taxas de natalidade.
 - A inmigración permite o contacto entre diversas culturas, o que favorece a diversidade cultural e o intercambio.
 - A chegada de inmigrantes pode provocar problemas de integración, polas diferenzas culturais. En momentos de crise, eses problemas dispáranse. Os emigrantes atopan dificultades para atoparen vivendas ou para se integraren na sociedade. Os máis novos poden ter problemas de integración nas escolas e no sistema educativo.

Polo ámbito territorial, os movementos migratorios poden ser:

- **Correntes internas.** Ocorren dentro do mesmo Estado. En moitos países son frecuentes as migracións internas desde as zonas rurais ás urbanas.
- **Correntes externas.** Movementos poboacionais duns estados a outros ou a conxuntos xeopolíticos. Na UE, os emigrantes proceden en gran parte das repúblicas do leste europeo, do Magreb, de África subsahariana e de América Latina.

1.1.3 As migracións en España

País de emigrantes

España foi tradicionalmente un país de emigrantes (durante séculos emigrouse a América Latina e a Europa), pero producíronse algúns cambios significativos:

- A emigración a Latinoamérica aumenta nos séculos XIX e XX. Países como Arxentina, Cuba, Brasil e Venezuela demandaban man de obra pouco cualificada.
- A partir dos anos cincuenta do século XX, iníciase a emigración aos países de Europa occidental, como Alemaña, Suíza ou Francia. Era unha emigración rural e temporal.
- Durante os séculos XIX e XX iniciouse o éxodo de poboación rural cara ás zonas industriais (Cataluña, Madrid, País Vasco e Valencia).
- O éxodo rural cara aos grandes núcleos industriais provocou un avellentamento das áreas rurais e unha renovación das urbanas.

País de inmigrantes

Hoxe, España converteuse nun país de inmigrantes, onde viven máis de tres millóns e medio de estranxeiros, o que supón case o 10 % da poboación total. Actualmente, o número de inmigrantes supera o de emigrantes. Algúns chegan en pateras e caiucos despois de expor a vida. Máis polo miúdo:

- Homes, mulleres e os seus descendentes veñen na procura dun traballo, en moitas ocasións como emigración clandestina e chea de dificultades.
- Existe un tipo de inmigrantes que son de países do norte de Europa, que procuran lugares agradables, onde pasar as vacacións ou a xubilación.
- Tamén inmigrantes con gran cualificación laboral.
- Os inmigrantes proveñen de América Latina, países do leste europeo, do norte de África e da África subsahariana (man de obra non cualificada). Ademais existe unha inmigración dos países do norte europeo formada por xubilados e profesionais cualificados.

Inmigración en España ano 2006	
Procedencia	Poboación
■ Marrocos	563.012
■ Ecuador	461.310
■ Colombia	265.141
■ Arxentina	150.252
■ Bolivia	139.802
■ China	104.681

As migracións en Galicia

Galicia foi tradicionalmente un país de emigrantes. Ata 1950 predominou a emigración cara a América. A partir dos anos sesenta, a Alemaña, Francia e Suíza. Ao mesmo tempo, produciuse un éxodo desde as zonas rurais ás cidades galegas, á costa e ás cidades industriais do resto de España: Barcelona, Madrid e Bilbao.

Hoxe o movemento emigratorio, malia non desaparecer totalmente, freouse, e Galicia comezou a vivir un novo fenómeno: a recepción de inmigrantes procedentes de Latinoamérica, norte de África, África subsahariana e países de Europa do leste.



Destino dos emigrantes galegos a Europa



Lectura

Así reflectía Rosalía de Castro o drama dos emigrantes galegos a América no século XIX:

Este vaise e aquel vaise,
e todos, todos se van:
Galicia, sen homes quedas
que te poidan traballar.

Tes, en cambio, orfos e orfas
e campos de *soledad*,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non ten pais.

E tes corazóns que sofren
longas ausencias mortás,
viúvas de vivos e mortos
que ninguén consolará.



Sachando. Arturo Souto



Emigrantes. Xulio Prieto Nespereira

En Galicia, moitos labores agrícolas quedaron nas mans dos vellos e das mulleres, debido á emigración dos homes, que traballaban nas cidades próximas. No século XIX a emigración freou o crecemento demográfico galego.

Actividades propostas

S10. Defina migración, emigrantes e inmigrante?

S11. Demografía:

- Que afirman moitos demógrafos sobre a evolución da poboación na actualidade?
- Con que consecuencias?

S12. Realice un esquema sobre as causas das migracións.

S13. Consecuencias:

- Que consecuencias económicas teñen as migracións nos lugares de orixe?
- Que consecuencias teñen nos lugares de destino?
- Que consecuencias demográficas derivan das inmigracións en países avellentados?

S14. Complete este cadro.

As migracións en España	
España, país de emigrantes	
■ Séculos XIX e XX	
■ A partir dos anos 50 do século XX	
■ Migración interior. Séculos XIX e XX	
■ Máis emigrantes ca...	
España, país de inmigrantes	
■ Porcentaxe de inmigrantes	
■ Orixe de inmigrantes ricos	
■ Máis inmigrantes ca...	

S15. De onde proceden os inmigrantes que chegan a España? Causas.

S16. Resuma a evolución da emigración en Galicia, nas súas diferentes etapas.

- Tradicionalmente.
- Ata 1950.
- A partir de 1960: a Europa. A España.